



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE  
**FENE**

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña  
Tlf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es  
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

# **RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **CURSO 2021 – 2022**

**CENTRO: IES FENE**

**CURSO: 4º ESO**

**MATERIA: LATÍN**

**DEPARTAMENTO: CLÁSICAS**

## 1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 1: O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES</b>	
<p>LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</p>	<p><b>LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana.</b></p>
<p>LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.</p>	<p><b>LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas .</b></p>
<p>LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.</p>	<p><b>LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas.</b></p>
<p>LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe e as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.</p>	<p><b>LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances.</b></p>
<p>LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.</p>	<p><b>LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.</b></p>
<p>LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.</p>	
<b>Bloque 2: SISTEMA DE LINGUA LATINA: ELEMENTOS BÁSICOS</b>	
<p>LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaaos consonte a súa natureza e a súa función.</p>	<p><b>LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaaos consonte a súa natureza e a súa función.</b></p>
<p>LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.</p>	<p><b>LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino.</b></p>
<p>LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.</p>	<p><b>LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.</b></p>

### Bloque 3: MORFOLOXÍA

LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	LAB3.1.1. <b>Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.</b>
LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	LAB3.2.1. <b>Distingue palabras variables e invariables.</b>
LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	LAB3.3.1. <b>Define o concepto de declinación e conxugación.</b>
LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	LAB3.4.1. <b>Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.</b>
LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	LAB3.4.2. <b>Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.</b>
LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.	LAB3.5.1. <b>Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.</b>
LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.	LAB3.5.2. <b>Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.</b>
LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	LAB3.6.1. <b>Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.</b>
LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	LAB3.6.2. <b>Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.</b>
LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	LAB3.6.3. <b>Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.</b>
LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	LAB3.6.4. <b>Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.</b>

### Bloque 4: SINTAXE

LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	LAB4.1.1. <b>Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.</b>
LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	LAB4.2.1. <b>Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.</b>

LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.
LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.
LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.	LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.
<b>Bloque 5: ROMA: HISTORIA, ARTE E CIVILIZACIÓN</b>	
LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.
LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.
LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.
LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina.
LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	
LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais .
LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros.
LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan .

<p>LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.</p>	
<p>LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrastaas cos da actualidade.</p>	<p>LAB5.6.1. <b>Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrastaas cos da actualidade.</b></p>
<p>LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.</p>	<p>LAB5.7.1. <b>Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual.</b></p>
<p><b>Bloque 6: TEXTOS</b></p>	
<p>LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.</p>	<p>LAB6.1.1. <b>Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.</b></p>
<p>LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.</p>	<p>LAB6.2.1. <b>Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.</b></p>
<p>LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.</p>	<p>LAB6.3.1. <b>Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.</b></p>
<p>LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.</p>	
<p>LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.</p>	
<p>LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.</p>	
<p>LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.</p>	
<p><b>Bloque 7: LÉXICO</b></p>	
<p>LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.</p>	<p>LAB7.1.1. <b>Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.</b></p>
<p>LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.</p>	<p>LAB7.1.2. <b>Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.</b></p>

LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	LAB7.2.1. <b>Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.</b>
LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	LAB7.3.1. <b>Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.</b>
LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	LAB7.4.1. <b>Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.</b>

## 2. Criterios de cualificación

A nota outorgada ao alumno será a puntuación acadada nas probas escritas de cada avaliación: dúas por trimestre, ponderando o dobre o segundo exame, xa que sempre inclúe contidos anteriores.

Os alumnos serán informados da valoración de cada unha das cuestións do exame.

Esta puntuación verase modificada polas notas positivas ou negativas do traballo diario do alumno. Traballo que consiste en realizar análise morfolóxica, sintáctica, e traducións, tanto de maneira individual como colectiva, de textos latinos adaptados, expoñer oralmente traballos sobre temas culturais do currículo, responder a preguntas de repaso ou reforzo sobre cuestións tratadas en clase e realización de breves exercicios en casa.

A relación queda establecida nun 80 % para as probas obxectivas e un 20 % para o traballo e esforzo persoal.

Non haberá probas de recuperación: ao ser avaliación continua o último exame aproba ou suspende o anterior.

### ***Criterios de promoción***

A promoción do alumnado será efectiva cando a cualificación da terceira avaliación sexa igual ou superior a 5 puntos.

Partindo de que a nota acadada sexa 5 ou máis na terceira avaliación, a nota final do curso será o promedio ponderado das tres avaliacións: primeira avaliación 25%, segunda avaliación 25% e terceira avaliación 50%, valorando sempre o progreso do alumno/a.

O alumnado que non acade un 5 na terceira avaliación deberá realizar unha proba final sobre os contidos mínimos na que terá que obter un 5 ou máis de 5 para aprobar.

O alumnado que xa teña acadado un 5 ou máis de 5 poderá presentarse a un exame final para subir nota.

O período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titorización.

## Cualificación en caso de docencia non presencial e/ou semipresencial

DOCENCIA NON PRESENCIAL	
INSTRUMENTOS	PONDERACIÓN
Rúbrica de producións individuais ( todos os traballos feitos na aula virtual)	50%
Rúbrica de producións en grupo	10%
Cuestionarios virtuais	40%